



DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
A CORUÑA

SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN

NÚM. EXP. PCO.001.2018.00292

**RESOLUCIÓN POLA QUE SE ADXUDICA A CONTRATACIÓN POLA CENTRAL DE CONTRATACIÓN DA DEPUTACIÓN DO ACORDO MARCO PARA A SUBMINISTRACIÓN SUCESIVA E POR PREZO UNITARIO DE WORKSTATIONS CON DESTINO Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E AOS CONCELLOS OU ENTIDADES LOCAIS DA PROVINCIA ADHERIDOS Á CENTRAL DE CONTRATACIÓN, CÓDIGO EXPEDIENTE PCO.001.2018.00292. LOTE 1, WORKSTATIONS**

Don VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña:

**ANTECEDENTES**

1º.- A Mesa de Contratación, na súa sesión de data 23/01/2019 en relación co expediente PCO.001.2018.00292, acordou admitir na licitación correspondente ao LOTE 1: as seguintes ofertas:

ALGORITMOS, PROCESOS Y DISEÑOS, S.A.
NKE CAD SYSTEMS, S.L.
INTERNACIONAL PERIFÉRICOS Y MEMORIAS ESPAÑA, S.L.U.
EVELB TÉCNICAS Y SISTEMAS, S.L.
INFORHOUSE, S.L.
NEXTGAL SOLUCIONES INFORMATICAS, S.L.
ALTIA CONSULTORES, S.A.
COREMAIN, S.L.U.

2.- A Mesa de Contratación na reunión do 13.02.2019 acordou a exclusión das seguintes ofertas, por non acadar a puntuación mínima de 22,5 puntos na Fase I correspondente aos criterios non avaliados de forma automática segundo se contempla no ANEXO Nº 2 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares:

NKE CAD SYSTEMS, S.L.	VARIANTE 1
ALGORITMOS, PROCESOS Y DISEÑOS, S.A.	VARIANTE 1
EVELB TÉCNICAS Y SISTEMAS, S.L.	VARIANTE 1
COREMAIN SLU	VARIANTES 1 Y 2

3.- A Mesa de Contratación, na súa sesión de data 20/02/2019 en relación co presente expediente propuxo a adxudicación do contrato a ALTIA CONSULTORES, S.A., que presentou a oferta máis vantaxosa para a contratación mediante procedemento aberto con multiplicidade de criterios de adxudicación do contrato de acordo marco para a subministración sucesiva e por prezo unitario de workstations con destino á Deputación provincial da Coruña e aos concellos ou entidades locais da provincia adheridos á Central de Contratación, código expediente PCO.001.2018.00292. LOTE 1, na súa oferta variante 1.

4.- Mediante Resolución da Presidencia núm. 7160 de data 22/02/2019 requiriuse a ALTIA CONSULTORES, S.A. para que presentase a documentación esixida no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).

A citada entidade presentou a documentación requirida.

## RESOLVO:

1º) Ratificar a exclusión das seguintes ofertas, por non acadar a puntuación mínima de 22,5 puntos na Fase I correspondente aos criterios non avaliados de forma automática segundo se contempla no ANEXO Nº 2 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares:

NKE CAD SYSTEMS, S.L.	VARIANTE 1
ALGORITMOS, PROCESOS Y DISEÑOS, S.A.	VARIANTE 1
EVELB TÉCNICAS Y SISTEMAS, S.L	VARIANTE 1
COREMAIN SLU	VARIANTES 1 Y 2

2º) Adjudicar mediante procedemento aberto con multiplicidade de criterios e suxeito a regulación harmonizada o ACORDO MARCO PARA A SUBMINISTRACIÓN SUCESIVA E POR PREZO UNITARIO DE WORKSTATIONS CON DESTINO Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E AOS CONCELLOS OU ENTIDADES LOCAIS DA PROVINCIA ADHERIDOS Á CENTRAL DE CONTRATACIÓN, CÓDIGO EXPEDIENTE PCO.001.2018.00292, LOTE 1 á empresa **ALTIA CONSULTORES S.A.**, con CIF A15456585, con domicilio na rúa Vulcano, nº 3, Icaria III, 15172 Oleiros (A Coruña), **na súa oferta Variante 1**, nas seguintes condicións:

### 2.1. Información do contrato:

Tipo de contrato: Subministración

Procedemento: Aberto con multiplicidade de criterios

2.2. Prazo de vixencia do acordo marco: Un ano dende o día seguinte á data de formalización do contrato en documento administrativo, prorrogable por un ano máis.

No entanto, no momento que o importe do conxunto das subministracións adjudicadas durante a duración total do acordo marco alcance a contía de 300.000,00 €, excluído o IVE, entenderase extinguido o acordo marco, aínda que non finalizase o período de vixencia.

2.3. Prazo de entrega dos bens específicos: Un mes dende o día seguinte á notificación da adjudicación do contrato de subministración específica derivada do acordo marco.

2.4. Tipoloxía do ben adjudicado: Workstation modelo HP Z2 G4 Torre

Características técnicas e funcionais

Procesador 1 x Intel Xeon E-2124G 4C 71W

Memoria 32GB (2x16GB) DDR4 2666 MHz UDIMM NECC Memory

Disco Duro: Controlador de almacenamento: Tipo: 1 x SATA Tipo de controlador interfaz: SATA 6Gb/s Nº canais: 4 Nivel RAID :RAID 0,RAID 1; 1 x 512 GB Unidade SSD HP Z Turbo G2 PCIe; 1 x 2TB 7200RPM SATA 3.5in

Tarxeta gráfica 1 x AMD Radeon Pro WX 3100 4GB (2)mDP + DP GFX

Tarxeta de red, lector/gravador DVD, teclado y rato: 1 x Intel I219LM PCIe GbE Controller: Conector RJ-45, Controlador: Intel I217LM, Data Rates: 10/100/1000 Mbps, Network Transfer Rate: 10BASE-T (half-duplex) 10 Mbps, 10BASE-T (full-duplex) 20 Mbps, 100BASE-TX (half-duplex) 100 Mbps, 100BASE-TX (full-duplex) 200 Mbps, 1000BASE-T (full-duplex) 2000 Mbps; 1 x HP 9.5mm Slim DVD Writer; 1 x HP USB Ratón Óptico; 1 x Teclado HP USB Slim Business

Inclúe licenza Windows 10 Pro 64 Workstations SP

Prazo de garantía: 5 (cinco) anos

2.5. Prezos unitarios:

Prezo unitario sen IVE	B) IVE 21%	C) Prezo unitario IVE incluído (A+B):
1.340,00	381,40	1.621,40

Por tratarse dun acordo marco, a Central de Contratación, en función das súas necesidades, poderá adxudicar ás empresas que resulten adxudicatarias do mesmo, dentro do período de vixencia, a subministración dos bens específicos que precise, relativos ao tipo de ben adxudicado aos prezos e nas condicións ofertadas polos adxudicatarios deste acordo marco.

2.6. De conformidade co disposto no artigo 151 da LCSP, indícase que:

Resultaron admitidas para participar na licitación as seguintes ofertas:

Licitador	Variante
NKE CAD SYSTEMS, S.L.	V2
ALGORITMOS, PROCESOS Y DISEÑOS, S.A.	V2
INTENACIONAL PERIFÉRICOS Y MEMORIAS ESPAÑA, S.L.U.	V1
	V2
INFORHOUSE, S.L.	Única
NEXTGAL SOLUCIONES INFORMATICAS S.L	V1
	V2
ALTIA CONSULTORES S.A.	V1
	V2

A empresa ALTIA CONSULTORES, S.A. presentou a oferta con mellor relación calidade-prezo e, en virtude desta resolución, é a adxudicataria deste contrato. As características e vantaxes da súa proposición que determinaron que fose seleccionada a súa oferta resúmense na seguinte táboa:

Licitador / Criterio	Variante	Fase I criterios avaliados mediante xuízo de valor	Fase II criterios avaliados automaticamente	TOTAL PUNTUACIÓN
<b>Puntuación máxima</b>		<b>45 puntos</b>	<b>55 puntos</b>	<b>100</b>
NKE CAD SYSTEMS, S.L.	V2	26,24	51,13	77,37
ALGORITMOS, PROCESOS Y DISEÑOS, S.A.	V2	30,36	30,96	61,32
INTENACIONAL PERIFÉRICOS Y MEMORIAS ESPAÑA, S.L.U.	V1	23,10	53,27	76,37
	V2	23,64	45,36	69,00
INFORHOUSE, S.L.	Única	24,43	51,88	76,31
NEXTGAL SOLUCIONES INFORMATICAS S.L.	V1	24,50	36,81	61,31
	V2	24,50	44,77	69,27
ALTIA CONSULTORES S.A.	V1	23,64	55,00	78,64
	V2	27,24	51,01	78,25

3º) Requirir ao adxudicatario para que concorra a formalizar o acordo marco o día que para o efecto se lle sinale, previo depósito na Caixa da Corporación das taxas por formalización de contratos administrativos por importe de 30,00 €.

Ao tratarse dun contrato susceptible de recurso especial conforme o artigo 44 LCSP, a formalización do contrato non poderá efectuarse antes de que transcorran quince días hábiles desde que se remita a notificación da adxudicación aos licitadores, de conformidade co disposto no art. 153.3 LCSP.

4º) Adxudicar á empresa ALTIA CONSULTORES S.A., con CIF A15456585, o seguinte material destinado á Deputación Provincial da Coruña, condicionado á formalización do acordo marco:

4.1. Subministracións derivadas do acordo marco:

Lote	Descrición	Prezo unitario Impostos incluídos	Número de unidades	Prezo total impostos incluídos	Presuposto total Impostos incluídos	Economía
Lote 1	Workstations	1.621,40	12	19.456,80	28.800,00	9.343,20

4.2. Financiamento: 0410/4501/62600, documento A nº operación 220180044789

4.3. Formalización: De conformidade co artigo 36.3 LCSP, os contratos derivados do acordo marco perfeccionanse coa adxudicación, polo que non requiren formalización.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá optar por interpoñer, con carácter potestativo, o recurso especial en materia de contratación a que se refire o artigo 44 da LCSP, ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, no prazo de quince días hábiles contados a partir do seguinte a aquel en que se remita a notificación do acto impugnado, de conformidade co previsto no artigo 50 do citado texto legal. No seu caso, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña, dentro do prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da notificación da presente resolución. No entanto, se o considera conveniente, pode exercitar calquera outro recurso que estime pertinente.